



CIRCULAR INFORMATIVA 16/2020

CONVENIO ENTRE O IGVS E O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA PARA O ASESORAMENTO XURÍDICO EN MATERIA DE OCUPACIÓN ILEGAL DE VIVENDAS

Creación dunha lista de letrados e letradas para prestar o servizo de asesoramento xurídico a persoas afectadas por ocupación ilegal das súas vivendas

En virtude do convenio de colaboración asinado entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e o Consello da Avogacía Galega para prestar un servizo de asesoramento a persoas afectadas e prexudicadas pola ocupación ilegal das súas vivendas, o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela creará unha lista específica de letrados e letradas para atender a prestación do dito servizo.

Fíxase un **prazo de 5 días hábiles** dende a publicación da presente circular para que os e as colexiadas exercentes deste colexio poida inscribirse nesta quenda específica.

Requisitos

- Ser colexiado/a exercente do ICA de Santiago.
- Figurar de alta na quenda penal do ICA de Santiago, en calquera dos partidos xudiciais que integran o seu ámbito territorial.

Prestación do servizo

- Gardas diarias de 24 horas.
- O letrado ou letrada de garda atenderá consultas telefónicas **no ámbito de toda a Comunidade Autónoma de Galicia**.
- O Consello da Avogacía Galega atenderá as chamadas a través dunha liña 900 e derivará ou desviará a consulta ao letrado ou letrada que estea de garda ese día. O letrado de garda atenderá a consulta por vía telefónica ou a través de correo electrónico.
- As gardas repartiranse semanalmente entre os sete colexios de avogados de Galicia, polo que a cada colexio corresponderanlle sete semanas ao ano aproximadamente (50 gardas ao ano por colexio aprox.).

Listas de garda

Entre todos os letrados e letradas inscritas, o ICA de Santiago elaborará unha lista ordenada alfabeticamente e despois realizará un sorteo para establecer o primeiro día de garda. Esta lista será remitida ao Consello da Avogacía Galega co nome e apelidos dos letrados e letradas integrantes xunto cos seus números de teléfono (fixo e móbil).

Retribución

Aboaranse 72 euros brutos (aprox.) por día de garda (indistintamente das asistencias que se realicen).

Solicitudes de inscrición

As solicitudes deberán presentarse asinadas dixitalmente e remitiranse por correo electrónico á conta: icajuzgado@icasantiago.org

Poderase contactar co secretario técnico do colexio (Manuel Arza) para ampliar ou aclarar a información relativa a este convenio (981 581 713).